

PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Son das flores



ceip Vicente Risco

CEIP VICENTE RISCO (Vigo)

ÍNDICE

1 TÍTULO DO PROXECTO	3
2 INTRODUCCIÓN	3
2.1 CONTEXTO. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	3
2.2 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	3
3 OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	5
3.1 OBXECTIVOS A CURTO PRAZO	5
3.2 OBXECTIVOS A LONGO PRAZO	5
4 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS	6
4.1 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A CURTO PRAZO	6
4.2 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A LONGO PRAZO	7
5 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA	7
6 XESTIÓN E CALENDARIO	8
7 RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	11
7.1 PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCIÓNS E TAREFAS DE CADA UNHA DAS PERSOAS IMPLICADAS	11
7.2 ALUMNADO PARTICIPANTE	12
7.3 OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	12
8 RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	13
9 ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN	14
10 COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS	15
11 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO	16
11.1 ACCIÓNS, CANLES OU VÍAS, MEDIOS E FORMATOS	16
11.2 ALCANCE	16
12 PLAN DE AVALIACIÓN	18
12.1 CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN	18
12.2 IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA	18

1 TÍTULO DO PROXECTO

Son das Flores, música para a transformación

2 INTRODUCCIÓN

2.1 CONTEXTO. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Contorna sociolingüística do centro

O noso centro atópase no Barrio das Flores de Teis, en Vigo, e fálase maioritariamente o castelán. O alumnado galego é minoritario e non son galegofalantes. Contamos cunha pequena porcentaxe de rapazada de etnia xitana, e unha alta porcentaxe é estranxeira, polo que tampouco falan a nosa lingua.

Situación do profesorado

Todo o profesorado domina a lingua galega tanto na oralidade coma na escrita. Cúmprese a lexislación vixente ao respecto das materias que se deben impartir en lingua galega.

Situación do alumnado

O uso do galego por parte dos nenos/as como lingua de relación é inexistente, a súa tendencia natural é a de expresarse en castelán.

A lingua galega é empregada exclusivamente na aula e nas materias nas que son impartidas en galego.

Salvo por demanda explícita do profesorado, a lingua habitual do alumnado, inclusive nas materias que se imparten en galego, é o castelán, polo que o profesorado debe estar sempre incidindo no seu uso.

Situación lingüística do centro

Algúns alumnos/as teñen dificultades de comprensión e expresión oral e escrita nas materias que se imparten en galego, especialmente no caso do alumnado inmigrante.

2.2 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Por todos é coñecido o poder transformador da música. Máis alá da súa capacidade para expresar e xestionar emocións, a música posúe propiedades transformadoras que ofrecen grandes beneficios, tales que poden mellorar as persoas e deste xeito actuar sobre a súa contorna, creando así unha mellor sociedade. Ademais, a música, por medio da canción facilita o emprego de linguas de uso non habitual e a súa aprendizaxe.

Este proxecto xorde no CEIP Vicente Risco no curso 2021-2022, polo que este curso é o terceiro que leva funcionando. O centro conta na actualidade cun total de 95 alumnos/as repartidos en 2 grupos de Infantil e 5 grupos de Primaria. No centro conviven máis de 20 nacionalidades e atopámonos con nenos e nenas dunha contorna socioeconómica baixa e en risco de exclusión social. O seu descoñecemento da lingua ás veces pode ser un inconveniente á hora de integrarse socialmente, polo que neste proxecto tratamos de utilizar a lingua galega como lingua de comunicación para que pouco a pouco vaian familiarizándose con ela. Así, empregámola na impartición dos encontros musicais e obradoiros, nas presentacións dos concertos, nas cancións etc., tanto os docentes como o alumnado.

A situación de moitas das nosas familias favorece en moitos casos que concorran unha serie de problemas engadidos como son: por unha banda, as dificultades de aprendizaxe (que en ocasións levan ao fracaso e abandono escolar, limitando as súas futuras oportunidades laborais e de mellora persoal); e doutra, a contorna que os rodea e que resulta desfavorable para o seu desenvolvemento persoal (violencia, malos hábitos, falta de referentes...).

Todos estes aspectos perpetúan o risco de exclusión social. Por iso é necesaria unha actuación, que rompa con este círculo vicioso e permita brindar as oportunidades que estes nenos e nenas merecen.

Este proxecto inclúe accións directamente vinculadas á mellora da inclusión, logrando o máximo desenvolvemento posible de todo o alumnado en convivencia cos seus iguais e cos demais membros da comunidade educativa, mediante metodoloxías activas, colaborativas e cooperativas, que repercuten nunha mellora da calidade educativa. Trátase de promover unha educación inclusiva, implementando procesos de innovación e mellora que permitan ofrecer unha educación de calidade que lle garanta a igualdade de oportunidades a todo o alumnado contando coa implicación de toda a comunidade educativa.

É por iso que participamos no programa **EDUExcelencia**, traballando o proxecto Son das Flores tanto na xornada lectiva como na non lectiva.

3 OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

3.1 OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

1. Aproveitar os beneficios da música no ámbito intelectual para aumentar a súa capacidade de concentración, disciplina, responsabilidade; mellorar o seu pensamento lóxico e abstracto e a creatividade.
2. Influír positivamente no estado emocional para que os/as nenos/as aumenten o seu autoconñecemento, a súa capacidade de expresarse de maneira asertiva e regular mellor as súas emocións.
3. Desenvolver habilidades sociais como o respecto, a empatía e a tolerancia, para mellorar a convivencia.
4. Proporcionar unha contorna alternativa de lecer saudable e prevención de riscos de adiccións.
5. Mellorar a adquisición, valoración e dominio da lingua galega nun contexto didáctico de lecer dentro e fóra das aulas.
6. Vincular a lingua galega con outras realidades culturais e lingüísticas.
7. Asociar a lingua coas tecnoloxías mediante o formato dos produtos e as canles de difusión.
8. Utilizar a lingua galega nas cancións, presentación dos concertos e como lingua vehicular dos encontros musicais.

3.2. OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

O obxectivo deste proxecto é utilizar a música como ferramenta de transformación social e desenvolvemento persoal, así como dinamizar a lingua galega mediante a súa utilización como lingua vehicular. Trátase de achegar a música en galego a nenas e nenos que pola súa contorna se atopan en risco de exclusión social, e ofrecerlles a oportunidade de aproveitar os beneficios da música a nivel intelectual, emocional e social. Búscase que, nun ambiente lúdico e afectivo, se desenvolvan musicalmente, pero sobre todo que medren como persoas, mellorando a súa autoestima e desenvolvendo valores e habilidades sociais e lingüísticas que lles serán de utilidade para a súa vida.

4 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

4.1 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A CURTO PRAZO

- a) As actividades musicais e artísticas desenvoltas pola mañá (nas que destacamos as do programa MUS-E) e os encontros musicais da tarde (orquestra, coro, música e movemento) desenvólvense en lingua galega.
- b) Implicación das familias no obradoiro de construción de instrumentos de cartón e en actividades musicais, xunto cos nenos e nenas, nas que se traballan danzas e cancións galegas.
- c) Composición e interpretación de cancións escritas en lingua galega.
- d) Concertos para amosar o traballo realizado, utilizando a lingua galega para a súa presentación e desenvolvemento.
- e) Concertos en colaboración con outras entidades ou centros educativos, como será o caso do concerto das Letras Galegas que se realizará en colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo o 14 de maio de 2024.

Os produtos resultantes deste proxecto (nos que se utiliza a lingua galega) son, entre outros:

- Material audiovisual resumo dos obradoiros e dos concertos.
- Material audiovisual do Campamento San Simón Fiddle de música tradicional galega, no que se lles concederon bolsas a dúas das alumnas da orquestra, así como a participación de toda a orquestra nun día de convivencia con todos os nenos e nenas do campamento na Illa de San Simón (xullo de 2023).
- Participación no Programa *Got Talent* de Tele 5, que se emitiu o 23 de setembro de 2023, no que se interpretou unha canción en galego composta polos docentes da orquestra e na que se conta a historia do proxecto.
- Participación no programa *Luar* da TVG o 6 de outubro de 2023, interpretando a mesma canción de *Got Talent*, o “Swing” de Son das Flores.
- Intervención en medios de comunicación (prensa, radio, televisión..., entre elas a Televisión Galega) para explicar o proxecto coa intervención de docentes, alumnado e familias.
- Documento de comunicación en galego que recompila todas as noticias de prensa en intervencións en radio e televisión.

- Páxina web do centro e de Son das Flores.
- Redes sociais en galego de Son das Flores e do CEIP Vicente Risco (Instagram, Facebook e Youtube).

4.2 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A LONGO PRAZO

A través da utilización da música como ferramenta trátase de familiarizar a toda a comunidade educativa co uso e valoración da nosa lingua, incrementando a súa utilización na escola e no barrio.

5 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Durante a mañá, como proxecto de centro, ademais de obradoiros musicais e construción de instrumentos, colaboraremos co Programa MUS- E de inclusión a través da arte, promovido pola Fundación Yehudi Menuhin, docencia que será impartida en lingua galega. Durante este curso 2023-24 vanse realizar 60 sesións. Unha artista da Fundación Yehudi Menuhin impartirá docencia artística de maneira gratuíta, co que desenvolverá, a través da arte, contidos do currículo en distintas materias co obxectivo, común co noso proxecto Son das Flores, de utilizar a arte como ferramenta de crecemento persoal e transformación social, e co galego como lingua vehicular. Deste xeito, promovemos o enriquecemento cultural, posibilitamos a aprendizaxe da lingua galega e realizamos creacións artísticas propias na nosa lingua facendo que se fomenten actitudes de respecto, valoración e conservación do patrimonio cultural e lingüístico da contorna. Nalgunhas destas sesións tamén participaron as familias.

Durante as tardes, no proxecto Son das Flores realizaranse tres actividades:

- 1.- Orquestra Son das Flores: martes e xoves de 16 a 17:30 h e venres de 17 a 18 h.
- 2.- Coro Son das Flores: venres de 17 a 18 h.
- 3.- Música e movemento: xoves e venres de 16 a 17 h (para o alumnado de infantil e primeiro de primaria).

Con estas tres actividades, o proxecto abarca a todo o alumnado do colexio (infantil e primaria), e nelas trabállase co galego como lingua vehicular.

Os encontros musicais terán lugar nas instalacións do CEIP Vicente Risco de Vigo e neles vaise abordar a práctica instrumental, vocal e orquestral, así como a expresión corporal e danza, sempre de xeito colectivo.

Durante o primeiro trimestre, o alumnado novo no proxecto utilizará instrumentos de cartón feitos por eles mesmos no obradoiro de construción realizado ao comezo do curso, e no mes de xaneiro de 2024 integraranse na orquestra de instrumentos reais.

6 XESTIÓN E CALENDARIO

O proxecto Son das Flores iníciase no curso 2021-22. A continuación detallamos as actividades máis destacadas desenvoltas ata o momento e as actividades previstas para o curso actual.

ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO CURSO 2021-2022

Ademais do traballo desenvolto durante o horario lectivo, o proxecto continúaase polas tardes en horario extraescolar. Os 43 participantes do curso 2021-2022 dividíronse en dous grupos: Grupo 1, martes e xoves de 16:00 a 17:30; Grupo 2, luns e mércores de 16:00 a 17:30; Ensaio conxunto de ambos os grupos, venres.

1ª FASE: ORQUESTRA DE CARTÓN (outubro 2021 a marzo 2022)

- Dous cursos de formación de profesores.
- Obradoiro de construción de instrumentos de cartón.
- Encontros musicais con instrumentos de cartón polas tardes.
- Concerto coa Orquestra de Cartón, o 25 de marzo de 2022 na escola.

2ª FASE: ORQUESTRA DE INSTRUMENTOS REAIS (abril a xuño de 2022)

- Comezo dos encontros musicais con instrumentos reais (ensaíos).
- Concertos para amosar a orquestra na rúa: Festiña das flores (27, maio, 2022).
- Concerto final de curso con instrumentos reais no Auditorio de Teis (17, xuño, 2022).

En agosto de 2022, a mestra Sandra Fernández, coordinadora do proxecto, recibe o Premio á Excelencia na Docencia Musical pola iniciativa neste proxecto, que lle outorga a Fundación Rogelio Groba.

ACTIVIDADES DESENVOLTAS DURANTE O CURSO 2022-2023

- En outubro de 2022 comeza a actividade, fanse dous grupos diferentes, pero que asisten á actividade os mesmos días e no mesmo horario. Os 41 participantes distribúense do seguinte xeito:

- Grupo 1: Orquestra real, constituída polos nenos e nenas que participaron no proxecto durante o curso 2021-22. Este grupo continúa traballando a un nivel superior cos instrumentos reais.
 - Grupo 2: grupo constituído co novo alumnado que queira unirse ao proxecto. Este grupo iniciouse coa orquestra de cartón, ata o concerto de Nadal. E a continuación, a partir de xaneiro de 2023 iniciárase cos instrumentos reais.
- Concerto no Conservatorio Superior de Música de Vigo (20 de outubro).
 - Visita ao ensaio de Abel Caballero, alcalde de Vigo (24 de novembro)
 - Visita ao ensaio de Cristina Fernández, alcaldesa de Ponteareas, e de Fernanda Flores, da Fundación Rogelio Groba (1 de decembro).
 - Concerto de Nadal coas dúas orquestras: a de cartón e a de instrumentos reais, no Auditorio de Teis (20 de decembro).
 - En xaneiro de 2023 unificamos os dous grupos nunha única orquestra de 41 membros, todos xa con instrumentos reais.
 - Concerto para o XX Aniversario de FOANPAS no Museo Verbum (27 de xaneiro de 2023).
 - Ensaio-concerto aberto (31 de xaneiro de 2023).
 - Os días 7, 8 e 9 de marzo de 2023 tivemos a visita de Carlos Fontán, director pedagóxico da Fundación Acción por la Música, e realizamos dúas actividades: polas mañás, obradoiros de formación do profesorado e, polas tardes, obradoiros musicais cos nenos e nenas.
 - O 17 de marzo de 2023, o profesorado fai unha formación no ámbito psicosocial ao cargo de Antonella Barbarito, responsable da área psicosocial e coidados da Fundación Acción por la Música.
 - Dende o 11 de abril ata o 15 de xuño, a orquestra participa no *casting* de *Got Talent*.
 - O 24 de maio de 2023, o alumnado de Son das Flores fai os coros en inglés da última canción do músico vigués Suso Valcárcel.
 - Festiña das Flores (26 de maio de 2023). Apertura da festa realizada no Barrio das Flores cun concerto da orquestra Son das Flores. Foi cancelado pola chuvia.
 - Concerto no Auditorio Martín Códax do CSMUS de Vigo o 1 de xuño de 2023.
 - Concerto final de curso no auditorio de Teis (7 de xuño de 2023).

- Viaxe a Madrid da orquestra os días 14, 15 e 16 para facer a gravación dunha actuación musical para o programa *Got Talent*.

ACTIVIDADES DO VERÁN 2023

- Dúas alumnas da orquestra recibiron unha bolsa por parte da Asociación Galicia Fiddle para formar parte do campamento San Simón Fiddle do 3 ao 9 de xullo.
- Participación de toda a orquestra no San Simón Fiddle o día 5 de xullo, no que o alumnado realizará obradoiros de música tradicional a cargo do profesorado da Asociación Galicia Fiddle. Logo intervirán nun concerto xunto co resto de integrantes do campamento.

ACTIVIDADES DO CURSO 2023-2024

- O 23 de setembro emítese na televisión a actuación da orquestra no programa *Got Talent* que fora gravado en xuño.
- En outubro de 2023 arranca a actividade con varias novidades. Unha delas é que o proxecto se fai extensible a todo o alumnado do colexio (infantil e primaria), polo que o número de participantes incrementa ata 63. Outra é que se crea un Coro para traballar máis a parte vocal (e polo tanto, a canción en galego). Deste xeito, as 3 actividades incluídas no proxecto serán: Música e Movemento, Orquestra e Coro.
- O 6 de outubro actuará a orquestra no programa *Luar* da TVG.
- O 21 de novembro recibimos no ensaio da orquestra a visita do conselleiro de Educación e Cultura, Román Rodríguez, así como do xefe territorial da Consellería, César Pérez Ares, e da delegada territorial da Xunta, Ana Ortiz.
- O 28 de novembro a orquestra realizará o acto de apertura do Congreso Internacional de Educación Inclusiva celebrado no Palacio de Congresos de Santiago. Neste congreso, o proxecto Son das Flores recibe o I Premio de Boas Prácticas de Educación Inclusiva.
- O 31 de xaneiro ten lugar o Concerto polo Día da Paz no Auditorio de Teis, no que participará a orquestra, os grupos de Música e Movemento e o Coro, e no que se estreará a canción composta por José Prieto para os nosos nenos e nenas: “O xardín cantareiro”.
- O 25 de febreiro, o Coro actuará no Teatro Afundación no festival promovido por Acopovi.
- En marzo participaremos na Festiña das Flores, festa que a asociación

Provivenda organiza no Barrio das Flores para facer comunidade.

- O 14 de maio a Orquestra e Coro participarán no concerto das Letras Galegas que se realizará no Conservatorio Superior de Música de Vigo, e no que se interpretarán dúas pezas compostas en galego para a Orquestra e Coro Son das Flores por dous compositores galegos (Ernesto Campos e José Prieto), outra peza dedicada a Luísa Villalta composta por un profesor do Conservatorio Superior de Música de Vigo (Oswaldo Oro) e o Himno do centenario do Celta composto por outro profesor do CSMUS de Vigo (José Manuel Fernández). Estas dúas pezas serán interpretadas pola Orquestra e Coro de Son das Flores conxuntamente co profesorado e alumnado do CSMUS de Vigo e outros músicos colaboradores.
- En xuño terá lugar o concerto de final de curso no Auditorio de Teis no que se fará unha mostra do traballo desenvolvido durante o curso tanto coa Orquestra e o Coro como co grupo de Música e Movemento.
- En xuño realizarase a gravación nos estudos Mans da Fundación Paideia dalgunhas das pezas máis significativas da orquestra.

7. RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

7.1 PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCÍONS E TAREFAS DE CADA UNHA DAS PERSOAS IMPLICADAS

Para desenvolver o proxecto Son das Flores creouse un equipo de coordinación docente, no que están implicados plenamente a dirección do centro, o departamento de música e representantes do resto do claustro. As decisións tomadas neste órgano de coordinación adóptanse e apróbanse xunto con todo o Claustro e co Consello Escolar, facendo así partícipe e implicando a toda a comunidade educativa. Os docentes do centro traballan en coordinación co profesorado específico de Son das Flores, voluntarios/as e alumnado en prácticas do Conservatorio Superior de Música de Vigo, que tamén están implicados neste proxecto.

- Sandra Fernández Fernández (coordinadora do proxecto e mestra de música do CEIP Vicente Risco)
- Sandra Fernández Vidal (directora do CEIP Vicente Risco)
- Rafael Prieto (secretario do CEIP Vicente Risco)
- M^a Mercedes González (mestra do CEIP Vicente Risco)

- Equipo docente: Plácido Martínez, Cristina Alonso (voluntaria), Paula Gómez, Livia, Sara Ruiz (Profesora do Conservatorio Superior de Música de Vigo e voluntaria) e Sandra Fernández (voluntaria).
- Martín (técnico de produción e xestión, alumno en prácticas do CSMUS de Vigo).
- Ruslana, Anna, Marcelo, alumnado en prácticas do CSMUS de Vigo que apoian o equipo docente.

7.2 ALUMNADO PARTICIPANTE

Ademais da implicación no proxecto de todo o alumnado do colexio durante o horario lectivo, **Son das Flores** propónse como ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR GRATUÍTA, inicialmente para o alumnado de primaria (6 a 12 anos) do CEIP Vicente Risco. Dos 71 nenos e nenas que cursaban primaria no noso colexio no pasado 2021-22, e que eran potenciais destinatarios do proxecto, 43 deles formaron parte de **Son das Flores** durante ese curso; aínda que foron máis os que estiveron interesados en participar, pero non puideron por motivos familiares (dificultade para levalos ou recollelos; falta de implicación da nai, pai ou titor ou mesmo algún caso de “machismo cultural”). A comezos do curso 2022-23 incorporáronse 15 alumnos/as máis ao proxecto, e durante o seu transcurso foron integrándose máis por mor da chegada de novos alumnos ao cole (facendo un total aproximado de 20 novas incorporacións). E neste curso 2023-24, dos 95 alumnos/as matriculados/as no noso centro, 63 nenos e nenas de infantil e primaria son os que participan no proxecto Son das Flores, pois acordouse estender a actividade tamén ao alumnado de infantil.

7.3 OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A transcendencia do proxecto **Son das Flores** vai máis alá das paredes do colexio, e ademais de contar coa plena participación dos órganos escolares, o proxecto foi tan ben acollido polo seu importante impacto positivo a nivel social que contou coa implicación de toda a comunidade educativa.

Dende o **Claustro** aprobouse **Son das Flores** como un proxecto de centro para os cursos 2021-22 e 2022-23, no que todo o alumnado do centro, tanto o que asistiu á actividade extraescolar gratuíta das tardes como o que non, realizou actividades vinculadas ao proxecto (actuacións musicais, obradoiros de construción de instrumentos de refugallo, obradoiros de emocións e habilidades sociais...), implicando así a todos os

docentes e a todo o alumnado en horario lectivo, ademais de contar coa colaboración altruísta dalgúns docentes en horario non lectivo.

Dende a **ANPA** apoiouse o proxecto, tanto colaborando na posta en marcha da actividade extraescolar gratuíta como mediante a doazón para a compra de instrumentos para a orquestra.

Pola súa parte, as **familias** participaron no obradoiro de construción de instrumentos de cartón e noutros obradoiros musicais xunto cos seus fillos e fillas, así como nos concertos, polo que se crearon unhas experiencias moi gratificantes para todos e unha forma de facer comunidade entre as familias, que permitiu coñecerse e establecer relacións sociais entre elas.

Así mesmo, **Inspección Educativa** brindounos todo o seu apoio desde o momento no que se lle presentou o proxecto, incluso asistiu a ensaios e concertos da orquestra para ver en vivo os resultados alcanzados.

O **CFR** tamén apostou por Son das Flores, brindándonos formación para a capacitación docente do profesorado na súa posta en marcha e desenvolvemento.

8. RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

- Instrumentos de cartón.
- Instrumentos reais: violíns, violas, chelos, contrabaixos, violas de gamba.
- Piano.
- Instrumentos PAI e PAD para as clases de música e movemento.
- Atrís.
- Cadeiras
- Partituras e métodos.
- Resinas, afinadores, cordas...
- Material funxible para o obradoiro de construción de instrumentos de cartón: cartón pluma, tanza, pintura, silicona, cinta adhesiva, varas de madeira e pinzas.
- Amplificadores, altofalantes, micros, cámara de vídeo e de fotos con trípode.
- Camisetas para os concertos.

9. ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN

CONCEPTO	CURSO 2023-2024
Instrumentos	2 823 €
Obradoiro de construción de instrumentos de cartón	200 €
Persoal	14 622 €
Seguros (RC, accidentes e instrumentos)	1 890 €
Outros gastos (autobuses concertos, merendas concertos, traslados instrumentos...)	1 450 €
TOTAL gastos	20 985 €

INSTRUMENTOS		Unidades	Prezo unitario con IVE	Custo total con IVE
Violíns	1/2	2	57,50 €	115 €
Violíns	3/4	2	57,50 €	115 €
Violíns	4/4	2	57,50 €	115 €
Violas	13"	3	70,00 €	210 €
Chelos	1/2	2	267,00 €	534 €
Chelos	3/4	2	267,00 €	534 €
Contrabaixos	1/8	1	400,00 €	400 €
Contrabaixos	1/4	1	400,00 €	400 €
Contrabaixos	1/2	1	400,00 €	400 €
SUBTOTAL		20		2 823 €

PERSOAL	Horas semana proxecto	Total horas anuais	Gasto total persoal curso 2023-2024
Profesorado (Violín, viola, chelo, contrabaixo, gamba e canto) Asociación Son das Flores	20	520	11 450 €
Técnico de produción e xestión. Asociación Son das Flores	5	260	3 172 €
SUBTOTAL		1 508	14 622 €

10. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN, ENTIDADES, ASOCIACIÓN OU EMPRESAS

Na actualidade, a principal colaboración do CEIP Vicente Risco para levar a cabo este proxecto é coa **Asociación Son das Flores**, creada en xullo de 2023 para poder contratar ao profesorado especialista en instrumento que dará as clases nos encontros musicais das tardes (Plácido, Paula e Livia). No primeiro curso, todo o profesorado foi voluntario e no segundo curso foron contratados dous profesores grazas ao convenio de colaboración coa **Fundación Acción por la Música** de Madrid. Na capacitación docente e titorización inicial do proxecto tivo un papel moi importante a Fundación Acción por la Música, que dende Madrid nos brindaron a súa experiencia e nos guiaron na súa posta en marcha, así como o **CFR** de Vigo.

Outra colaboración fundamental neste curso foi o apoio recibido por parte da **Consellería de Educación e Cultura**.

Así mesmo, a **Fundación Paideia** asinou un convenio de colaboración co CEIP Vicente Risco, a través do cal se fixo unha achega económica para a compra de instrumentos e funcionamento do proxecto.

As **asociacións e organizacións do barrio** tamén se implican no proxecto de distintas maneiras. Provivenda (asociación de apoio á poboación inmigrante) invitounos a participar nas festas organizadas por eles no barrio para facer comunidade. Así, a orquestra Son das Flores participa na Festiña das Flores que se celebra todos os anos no mes de maio, dando así visibilidade ao proxecto no barrio. Por outra banda, o Plan Comunitario de Teis asiste co seu alumnado ás actuacións para apoiar o traballo dos nosos nenos e nenas e mostrarllo ao seu alumnado, para o cal nos convertemos en referentes e reforzamos así a súa autoestima. Tamén profesores dos **conservatorios Profesional e Superior de Música** de Vigo e o **Conservatorio Mayeysis** apoian de diversas formas este proxecto, tanto colaborando en concertos didácticos como con apoio nas clases, difusión en redes, doazóns de cordas ou **instrumentos...** Por parte da **Asociación Galicia Fiddle**, houbo unha colaboración co proxecto Son das Flores, mediante a cal se lles outorgou unha bolsa a dúas alumnas para asistir gratuitamente ao campamento de verán realizado na Illa de San Simón en xullo de 2023 (San Simón Fiddle). E a **Fundación Mayeysis** tamén lles concedeu unha bolsa a tres alumnos da orquestra Son das Flores para realizar estudos oficiais no seu Conservatorio durante este curso 2023-24.

Pola súa banda, o **Concello de Vigo** custeou a viaxe a Madrid para a gravación no programa *Got Talent*.

Por último, cómpre destacarmos a implicación e xenerosidade de diversos particulares que nos apoiaron co seu traballo voluntario e altruísta (na difusión, na colaboración nas clases extraescolares, no deseño gráfico de material...), tamén con doazóns, tanto económicas como de instrumentos, e subliñar así mesmo a colaboración da tenda de música Ópera Prima para conseguir instrumentos para a orquestra.

11 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

11.1 ACCIÓNS, CANLES OU VÍAS, MEDIOS E FORMATOS

O proxecto **Son das Flores** difúndese a través dos concertos realizados, da páxina web do colexio, das redes sociais, dos medios de comunicación (televisión, radio, prensa), do material de mercadotecnia etc.

- PÁXINA WEB CEIP VICENTE RISCO
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco/>
- CANLE YOUTUBE CEIP VICENTE RISCO
https://www.youtube.com/channel/ucbjkxfakexct0bfb_uhdvoa
- INSTAGRAM CEIP VICENTE RISCO
<https://www.instagram.com/ceip.vicente.risco/>
- PADDLE MÚSICA E SENTIMENTOS DO CEIP VICENTE RISCO
<https://padlet.com/vicenteriscoceip/rrxg0vbtatg7pfny>
- <https://www.instagram.com/sondasflores/>
- <https://www.facebook.com/sondasflores/>
- <https://www.youtube.com/@sondasflores>
- <https://www.sondasflores.org/>

11.2 ALCANCE


Algunhas das evidencias gráficas e audiovisuais do proxecto no que se pode apreciar o alcance e repercusión nos medios pode apreciarse nas seguintes ligazóns.

DOSSIER AUDIOVISUAL E REPERCUSIÓN NOS MEDIOS



<https://drive.google.com/file/d/1ZCWoUW3r1D7Lh6MFWOnlye3-nlen5WQp/view?usp=sharing>

Actuación no programa *Got Talent*



https://www.telecinco.es/gottalent/20230923/son-das-flores-orquesta-ninos-instrumentos-carton_18_010524619.html

12 PLAN DE AVALIACIÓN

12.1 CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN

- Contribución ao emprego da lingua galega entre a comunidade educativa.
- Eliminación de prexuízos lingüísticos entre a comunidade educativa.
- Posta en valor do galego como lingua de interese.
- Colaboración con entidades culturais, asociacións, centros educativos, empresas da zona etc.
- Mellora das competencias intelectuais, emocionais e sociais do alumnado.
- Implicación da comunidade educativa.
- Mellora da autoestima e aspiracións de futuro.

12.2 IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA

O proxecto educativo do centro tivo como título “Son das Flores” durante o curso 2021-22 e 2022-23, facendo unha vinculación directa entre o PEC e este proxecto. **Son das Flores** é fundamental para o desenvolvemento do plan xeral de atención á diversidade, o plan de convivencia e o plan de acollida, pois trabállanse nel habilidades sociais como a empatía, a tolerancia, o respecto, a solidariedade..., que repercutirán nunha mellor convivencia tanto no centro como na sociedade. O emprego do galego como lingua vehicular deste proxecto contribúe á integración deste alumnado multicultural e forma parte das actividades de fomento do uso da lingua galega no centro.

Os resultados obtidos dende a posta en marcha do proxecto no curso 2021-22 ata a actualidade superaron as nosas expectativas. A música converteuse nunha poderosa ferramenta de dinamización da lingua galega, de desenvolvemento persoal e de transformación social, e o seu impacto positivo deuse a tres niveis: INDIVIDUAL, FAMILIAR e COMUNITARIO.

Coa continuidade do proxecto a medio-longo prazo esperamos obter un impacto cuantificable e medible nos seguintes aspectos:

- a) Mellorar o rendemento académico e reducir a taxa de fracaso escolar, así como progresar na utilización da lingua galega.
- b) Que os participantes e as súas familias alcancen a súa autorrealización.

c) Desenvolver o pensamento crítico e a participación social consciente dos menores e as súas familias.

A máxima repercusión social desta aprendizaxe musical colectiva reflíctese nos valores e virtudes que van incorporando á súa vida, e que lles axudan a superar situacións de risco que os sitúan nunha posición vulnerable. O traballo lingüístico e a riqueza cultural da nosa contorna fará que o alumnado, a maioría inmigrante, sinta que forma parte da comunidade na que vive.

Durante todo o curso faise unha avaliación continua do proxecto, controlando o grao de satisfacción tanto dos nenos/as e familias como do resto da comunidade educativa, mediante entrevistas informais e individuais, nas que se lles pide a súa opinión sobre a marcha da actividade para realizar as modificacións que se consideren oportunas.

Ao final dos dous cursos nos que leva implantado o proxecto no noso centro, pasáronse enquisas vía Tokapp ás familias dos participantes, que nos serviron de avaliación e de toma de decisións de cara ao seguinte curso. Das enquisas do último curso puidemos obter os seguintes datos:

- Grao de satisfacción coa actividade SON DAS FLORES: 100 % satisfeitos.
- A actividade cumpriu as vosas expectativas?: 92,9 % superounas e 7,1 % cumpríunas.
- As familias teñen máis relación con outras familias do colexio ou co propio colexio e os seus profesores por mor da participación do seu fillo/a nesta actividade nun 84,6 %.
- As familias notaron algún cambio na capacidade de concentración e atención do seu fillo/a por mor da participación na orquestra nun 85,7 %.
- As familias notaron algún cambio nas súas aspiracións de futuro por mor da súa participación nesta actividade nun 92,9 %.
- As familias consideran que o seu fillo/a é máis creativo por mor da súa participación na actividade nun 92,3 %.
- As familias observaron melloras na capacidade de relacionarse cos demais por mor da súa participación na actividade nun 85,7 %.
- As familias consideran que os nenos/as melloraron a súa capacidade de cooperación e traballo en equipo por mor de estar na orquestra nun 92,3 %.

Respecto aos cambios que se reflectiron no noso colexio dende a posta en marcha do proxecto:

- Obsérvase un crecente interese de todo o alumnado do colexio pola música, cantaruxando cancións en galego do repertorio polos corredores ou nas aulas.
- Incremento da utilización da lingua galega á hora de falar en público por parte do alumnado.
- Mellora no recoñemento da nosa lingua e orgullo dela ao utilizar as cancións en lingua galega.
- O nivel de coñecementos musicais aumentou de maneira significativa.
- Obsérvase unha evolución positiva en canto aos hábitos de concentración e atención, así como de respecto polos demais e polo material utilizado, o que reverte nunha mellora xeral na convivencia.
- Obsérvase tamén un incremento na responsabilidade e na disciplina do alumnado.
- Creouse un vínculo de pertenza ao grupo e un aumento da autoestima entre os nenos e nenas que están na orquestra.
- Conseguiuse crear un lugar de lecer educativo saudable, ao que os nenos e nenas acoden felices para pasar un momento lúdico de aprendizaxe.